



oficina de

consumo coeticor

www.coeticor.org

consumo@coeticor.org

setembro 2008

Plan Renove para aforrar enerxía no fogar cambiando os vellos electrodomésticos por outros máis eficientes

Promover a substitución de vellos aparatos de uso no fogar por outros de consumo enerxético máis eficiente é o obxectivo do novo Plan Renove de electrodomésticos. O plan pretende acadar unha redución do consumo de enerxía eléctrica nas vivendas galegas, a través da substitución de aparellos antigos por equipos con etiquetado enerxético de clase A ou superior, de mellor nivel de eficiencia enerxética. O plan está impulsado pola Consellería de Innovación, a través do INEGA. O aforro calculado só cos aparellos relevados en 2008 chegaría aos 23.600 megavatios/ano. Estas axudas están destinadas a persoas físicas ou xurídicas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que, como máximo, substitúan un único electrodoméstico de cada tipo (frigoríficos, conxeladores, lavadoras, lavalouzas, fornos e placas) por outros con etiqueta enerxética de clase A ou superior. O INEGA ven de aclarar as dúbidas

máis comúns que teñen tanto consumidores coma comercios de venda. Por exemplo: Terán a consideración dun mesmo tipo de

Esta medida non afectará aos conxeladores, que só poderán ser cambiados por outro conxelador. Ademais, poderase cambiar un conxunto de forno e placa de cociña por un forno con clasificación enerxética A e unha placa de cociña (de indución mixta, total ou de gas) por separado. Iso sí, o funcionamento dos electrodomésticos que van ser retirados ha ser, obrigatoriamente, de consumo eléctrico ou mixto gas-eléctrico. Neste caso un pode acollerse a dúas axudas, unha pola placa e outra polo forno. Referente ás lavadoras e lavalouzas: o termo bitérmico pode que induza a confusión e debe substituírse polo de termoeficiente. As lavadoras e lavalouzas con clasificación enerxética A e eficacia de lavado A poderán beneficiarse dunha axuda máxima de 105 euros cando dispoñan de dobre entrada de auga ou ben cando dispoñan dunha única entrada de auga preparada para a entrada de auga quente ou fría, regulada por un termóstato.



electrodoméstico tanto os frigoríficos coma os frigoríficos-conxeladores, é dicir: un particular poderá mercar un frigorífico-conxelador e entregar a cambio un frigorífico, e ao revés, poderá mercar un frigorífico subvencionado entregando a cambio un frigorífico-conxelador para a súa reciclaxe.

electrodoméstico tanto os frigoríficos coma os frigoríficos-conxeladores, é dicir: un particular poderá mercar un frigorífico-conxelador e entregar a cambio un frigorífico, e ao revés, poderá mercar un frigorífico subvencionado entregando a cambio un frigorífico-conxelador para a súa reciclaxe.

electrodoméstico tanto os frigoríficos coma os frigoríficos-conxeladores, é dicir: un particular poderá mercar un frigorífico-conxelador e entregar a cambio un frigorífico, e ao revés, poderá mercar un frigorífico subvencionado entregando a cambio un frigorífico-conxelador para a súa reciclaxe.

SUMARIO

2

- A VOLTAS COA TARIFA NOCTURNA
- BOLSAS RECICLABLES
- MOBLES, O MÁIS MERCADO
- PRODUTOS CON GARANTÍA

3

- TIMOS POR INTERNET

4

- GASOLINA AUTOXESTIONADA
- ALGAS COMA COMBUSTIBLE
- ESO QUE COMES: AS PROTEÍNAS

Terceira edición

O Plan Renove de Electrodomésticos está incluído no Programa IDAE-INEGA 2008 de Axudas Públicas a Investimentos en Eficiencia Enerxética dentro do Plan de Acción 2008-2012 da E-4. Esta é a terceira edición. O departamento autonómico destinará 4,5 millóns de euros a subvencionar esta renovación de vellos aparatos nos fogares.

A pretensión da Consellería é cambiar 50.000 aparatos por outros que consuman menos enerxía durante a vixencia do plan. O prazo de presentación das solicitudes de axuda permanecerá aberto dende o 15 de setembro

de 2008 ata o día 30 de xuño de 2009 ou ata que se esgote o orzamento destinado a esta finalidade. O importe das axudas varía entre os 50 e os 125 euros, en función do electrodoméstico que se substitúa, e alcanzando sempre un máximo do 25 por cento do importe total do aparello. A contía increméntase en función da clasificación enerxética do electrodoméstico.

O consumidor xa verá repercutido o desconto no importe final á hora de comprar o aparello, mentres que o comercio encárgase de tramitar a recollida dos vellos equipos

Desconcerto entre os usuarios de Tarifa Nocturna diante das novas facturas

ConsumoCoeticor recibiu xa diversas consultas e reclamacións de usuarios da antiga Tarifa Nocturna, reconvertida agora en Tarifa de Discriminación Horaria, diante das novas facturas emitidas por Fenosa que comezan a chegar aos seus fogares. O desconcerto é a reacción xeral dos afectados, que consideran os documentos "moi pouco claros e ben difíciles de entender".

Ocorre que aqueles usuarios que non adaptaran os seus contadores á nova potencia e tarificación estiveron a pagar un prezo calculado de xeito estimativo. É dicir, tal e como estableceu o Goberno no seu momento, a factura fíxose calculando o 69% dos kilowatios consumidos co prezo do horario val e o 31% restante co prezo establecido para as horas punta.

A orde Ministerial fixaba para esta práctica estimativa un prazo máximo de tres meses, até o 30 de setembro, polo que a partir de outubro os documentos de pago emitidos por Fenosa han corresponder co gasto real dos usuarios. A non seren, claro está, no caso dos clientes da compañía eléctrica que a 1 de outubro non teñan adaptada a súa potencia á nova Tarifa de Discriminación Horaria.



As primeiras queixas e reclamacións recibidas pola Oficina de Consumo de Coeticor inciden no feito de que, por un lado, os tramos que Fenosa aplica non coinciden co consumo real e, por outro, que o cuantido do recibo fa luz sobe moito.

Outro aspecto que os consumidores adoitan ignorar é que, en adiante, Fenosa ha facturar o consumo eléctrico mensualmente.

Mobles e electrodomésticos, o que máis mercamos

Mobles e electrodomésticos son os produtos máis mercados este ano polos españois, segundo un estudo da Unión Europea. A ralentización económica provocou que os cidadáns moderaran ao máximo o seu consumo e retomaran unha práctica case esquecida no seo familiar: o aforro.

Os sectores máis afectados están sendo os da vivenda e mais o automóbil, con perdas millonarias a data de hoxe. Sen embargo, os mobles e os electrodomésticos, produtos máis baratos e de uso máis cotiá, están na crista da onda, cun incremento medio do seu consumo do 22% e o 21% respectivamente. Tralos anos de euforia consumista vividos en España este ano

2008 chegou o momento da prudencia. Polo menos, iso declara o 69% dos españois enquisados pola Unión Europea, quen afirmaron apostar pola moderación nas súas compras. Outro 23% recoñeceu os seus intentos de aumentar os aforros.

A pesares de todo, as intencións de consumo dos españois están por riba dos outros 13 países europeos estudados, mesmo se a previsión de gasto para o ano vindeiro se sitúa por vez primeira no noso país por debaixo da media da Unión. O 37% dos cidadáns españois di ter previsto destinar parte do seu orzamento familiar a viaxes e actividades de ocio, o que significa dez puntos menos que o ano pasado.

Produtos con garantía legal

Todos os produtos ou artigos que mercamos teñen unha garantía legal, é dicir, teñen que ser conformes coas condicións do contrato de compravenda. Esta é a mensaxe principal que contén o pequeno folleto que acaba de editar o Instituto Galego de Consumo, co que pretende que os consumidores teñan ben claro cales son os seus dereitos a hora de mercar. Están suxeitos a esta garantía legal os bens que mercamos, tales como electrodomésticos, roupa, calzado, coches, libros, móbiles... Un produto sempre ten esta garantía aínda que o vendedor non informe o comprador da mesma. Entre as obrigas do consumidor figura informar o vendedor no prazo de dous meses desde que se coñeza a falta de conformidade ou o defecto. O comprador tamén debe gardar a factura ou ticket de compra xa que ha presentalos para esixir a responsabilidade ao vendedor.

Adeus ao plástico: bolsas medioambientalmente correctas

Coeticor ven de incorporar aos seus servizos xerais de Visado un novo formato de bolsa de proxectos.



Trátase dun modelo que segue os máis estritos criterios de eficiencia enerxética e sustentabilidade medioambiental vixentes hoxe en día, xa que está feito a partir de material reciclado e porén, é tamén reciclable. Dispoñibles en dous tamaños, 50 por 50 por 22 e mais 40 por 30 por 15, manifestan ben ás claras a aposta de Coeticor e os seus organismos derivados, Asociación de Consumidores e Oficina de Consumo, pola preservación do medio natural.

Coidado cos timos por Internet!

A rede converteuse nun soporte máis para os estafadores

Coches

Os tempos cambian e os estafadores recíclanse. Cada vez é máis a xente sen escrúpulos que tentan estafar polo novo soporte que é Internet. Desde os institutos e asociacións de consumidores alértase aos internautas sobre esta nova modalidade de estafa. Unha das máis frecuentes é o "car

phising" ou a venda fraudulenta de vehículos. Consiste en ofertas de coches a prezos de riso, que se venden desde outros países. Pídese o diñeiro por sistemas de envío de remesas, en cantidades inferiores a 3.000 euros para eludir a lexislación sobre branqueo de capitais. Os presuntos estafadores tratan de revestir o negocio de veracidade ofrecendo o pago e o transporte a través de supostas empresas intermediarias.

Lotarías

"Gañou vostede un premio". Este é outro reclamo frecuente, outra modalidade de fraude por Internet. Neste caso trátase das falsas lotarías na rede, un timo coñecido tamén como "cartas nixerianas". O consumidor recibe unha notificación dunha empresa na que lle informan de que gañou un premio de lotaría. Os

estafadores adoitan enviar un presunto "certificado de premio" no que figura o nome do propio consumidor, suplantando logotipos e símbolos de administracións públicas e de lotarías de España e outros países. Ao cidadán pídeselle o pago dunhas taxas administrativas, previo ó cobro do montante do premio, normalmente en cantidades inferiores a 3.000 euros, e por empresas dedicadas ao envío de remesas de diñeiro. Neses pagos está a trampa.

Poxas

"Poxe por este artigo". Baixo esta chamada escóndese outra modalidade de estafa moi estendida a través da rede. Esta fraude cométese por medio de portais de poxas en Internet. Os presuntos estafadores poñen á venda un artigo inexistente, a un prezo moi tentador. Cando o consumidor gaña a poxa, o

vendedor contáctalle e proponlle o pago, normalmente por empresas de envío de remesas de diñeiro. A única forma de evitar esta fraude é tratar de solicitar canta máis información posible sobre o vendedor, seguindo as indicacións que poden atoparse nas mesmas páxinas web de poxas. Os portais adoitan ofrecer Políticas de Protección ao comprador, que hai que ter sempre en conta á hora de poxar por un artigo.

Preservar a intimidade

É frecuente que o intento de engano prodúzase a través de correos electrónicos que enlazan con páxinas que simulan ser dunha entidade bancaria. Piden datos confidenciais, como o número segredo, algo que un banco real non faría nunca, baixo a escusa, por exemplo, de incrementar as medidas de seguridade. Neste caso recoméndase non atender a correos

enviados por entidades das que un non é cliente, nos que lle pidan datos íntimos. Outra precaución: non atender a mails dos que se sospeite sen confirmalos telefónicamente ou persoalmente coa entidade, ou ben aqueles que lle comunican sorteos ou ofertas económicas. Tampouco se debe facer caso a correos electrónicos escritos en idiomas que un non fale.



A desconfianza é o mellor aliado

Os distintos Institutos de Consumo e as asociacións de consumidores, ademais de alertar sobre estas modalidades de fraude que utilizan Internet como soporte, aconsellan unha serie de precaucións para non caer na rede. Unha das máis evidentes e de sentido común: a desconfianza. Hai que dudar e cuestionar as ofertas demasiado boas. Cando unha ganga é excesiva, posiblemente non sexa real. Por iso, o consumidor debe desconfiar sempre. É imposible resultar agraciado en sorteos nos que non se ten participado. Todos

coñecemos o mecanismo das lotarías. As recomendacións aos consumidores para evitar ser vítimas das estafas por Internet inclúen tamén certas precaucións. Entre elas, protexer a privacidade, non facilitando a dirección de correo electrónico de forma indiscriminada. Convén sempre tamén utilizar para a rede medios de pago seguros. Unha norma de ouro neste caso é non pagar xamais a través de remesas de diñeiro en metálico, a fonte de recadación principal dos estafadores. Aínda que supoña certo esforzo, cómpre que, ante unha oferta demasiado

rechamante na que poderíamos estar interesados, indagemos ao máximo sobre a identidade dos vendedores.

Segundo estimacións do Instituto Nacional de Consumo, os intentos de fraude a través da rede multiplicáronse por oito nos primeiros meses de 2008 con respecto a 2007. Ante esta alarmante crecida, o citado organismo, dependente do Ministerio de Sanidade e Consumo, declarou o mes de agosto de 2008 como Mes da prevención da fraude por Internet.

Por que custa o mesmo a gasolina nas estacións de servizo que non teñen servizo?

... Por que repostar carburante custa o mesmo nas gasoleneiras que só teñen autoservizo? Se temos que botalo nós ao depósito do vehículo, por que o empresario non rebaixa do prezo de venda ao público os custos de persoal que se aforra? ConsumoCoeticor recibiu estes días varias queixas cidadás nese sentido. O certo é que as gasoleneiras sen operarios pasaron de ser a excepción, mesmo a novidade, a converterse de súpeto na norma. Hoxe en día é ben raro atopar unha estación de servizo que conte, precisamente, co que di ofrecer: servizo. Até en horario diúrno, son contadas as gasoleneiras que dispoñen de persoal para atender os surtidores. O corrente é que o usuario se vexa obrigado, queira ou non, a encher o seu depósito sen axuda. O prezo do carburante, sen embargo, non varía o botemos nós ou nolo boten. As suxerencias contidas nesas primeiras queixas chegadas á Oficina de Consumo de Coeticor apuntan a esixir pola vía administrativa algunha compensación que axuste a diferenza entre unha estación de servizo con mozos e sen eles. Eliminar eses postos de traballo supón, como é obvio, un aforro importantísimo para os concesionarios de gasoleneiras que, porén, obteñen maior beneficio a expensas dos propios clientes. A comodidade que pode supoñer o



autoservizo nun momento dado non debe escurecer os feitos: os consumidores non teñen alternativa, salvo que percorran a cidade na procura dunha gasoleneira con persoal que a atenda. De non facelo así, han pagar ao mesmo prezo un servizo auto-xestionado, sen posibilidade, por suposto, de participar igualmente nos beneficios empresariais que esa práctica xera.

Algas e mesmo CO2 coma combustibles

Empresas e grupos de investigación traballan para desenvolver un biocombustible baseado en algas que substitúa ao petróleo. Os sistemas experimentais en marcha propoñen extraer o hidróxeno e mais o aceite para facer biodiésel das algas, uns organismos que incluso eliminan o dióxido de carbono, o CO₂, emitido polas centrais eléctricas. Aínda así, polo de agora os científicos teñen que facer fronte a diversos desafíos que permitan a eses biocombustibles baseados en algas ser competitivos cos combustibles fósiles.

Existen liñas de investigación paralelas que pretenden crear gasolina a partires precisamente do CO₂ mediante a enerxía solar. Ocorre que o CO₂ pode transformarse en varios tipos de hidrocarburos, evitando á

vez o seu efecto no cambio climático. Iso si, o sistema é aínda incipiente. É unha tecnoloxía que emprega a luz solar para reciclar o contaminante dióxido de carbono e producir combustibles como o metanol ou incluso gasolina. Mesmo aínda en fase experimental, o sistema funciona. Consiste basicamente en inverter o proceso de combustión dos hidrocarburos, permitindo sintetizar combustibles líquidos como os citados metanol ou gasolina. Emprégase un reactor solar especial que divide o CO₂ en monóxido de carbono e osíxeno.

Sexa como fose, ninguén sabe cal será a enerxía renovable que triunfe nos vindeiros anos, polo que os investidores teñen que cubrir todas as posibilidades.

ES O QUE COMES

Proteínas, as construtoras de tecidos

As proteínas son o principal material construtor de tecidos do corpo humano. Resultan indispensables para o crecemento e a rexeneración do continuo desgaste ao que se ven sometidos os tecidos adultos. A súa función é controlar o mantemento da estrutura do noso organismo, mais se é necesario poden producir tamén enerxía.

As proteínas han aportar un 10-15% do volume total calórico (un gramo aporta 4 quilocalorías) e posúen unha función plástica, inmunitaria, biorreguladora e de control xenético. O organismo non emprega as proteínas de xeito directo, senón que se inxiren nos alimentos e o organismo transfórmaas durante a dixestión nas súas unidades fundamentais, os aminoácidos. Dos vinte dous aminoácidos existentes, nove deles son os denominados "aminoácidos esenciais", que teñen que estar presentes na dieta alimenticia.

Existen dous tipos fundamentais de proteínas, as de alto valor biolóxico que teñen orixe animal e están contidas en alimentos como leite, iogur, queixo e derivados, peixes, carnes e ovos; e as de menor valor biolóxico que teñen unha orixe vexetal, como as das legumes, os cereais, as hortalizas e os vexetais.

Unha dieta equilibrada supón unha inxesta adecuada non só de proteínas senón tamén de aminoácidos esenciais. Un elevado consumo de alimentos proteicos supón un risco para a saúde polo alto aporte das graxas saturadas.

